

# Proxecto nacional

## Reflexión e acción na política



ALFREDO IGLESIAS

Galiza é unha nación, como proba o feito diferencial galego dende hai máis de 2.000 anos; non en van, cando hai 2.000 anos, en tempos do emperador romano Augusto, o pobo galaico quedou definitivamente integrado no Imperio romano, foron os mesmos romanos, malia o seu proceso integrador e homoxeneizador, os primeiros en recoñecer e respectar a autonomía do pobo galaico, do que é proba a propia división administrativa da Gallaecia.


Con todo, Galiza non é unha nación polo feito de que o galego sexa a súa lingua propia, tampouco é unha nación porque o pobo galego teña uns costumes consuetudinarios propios (herdanza, matrimonio, propiedade...), nin sequera é unha nación porque teña uns costumes relixiosos particulares (romarías a santos milagrosos) e unha cultura popular propia (mouros, santa compañía, cacharelas de san Xoán, magostos...), produto dun particular sincretismo entre o paganismo prerromano e o cristianismo posterior; Galiza é unha nación en tanto que a burguesía galega (a pouca que se considerou así) e os seus aliados (procedentes da fidalguía nalgúns casos, noutros de grupos menos favorecidos que chegaran a promocionar socialmente), tanto no ámbito empresarial, velái están industriais como Enrique Peinador Lines ou Antonio Fernández Fernández, como no intelectual, velái están dende Murguía ate Castelao, elaborou un

foi até os anos sesenta do século XX, cando se fundaron as primeiras organizacións políticas nacionalistas e proletarias: velái está a fundación do PSG, de vocación socialdemócrata, en 1963 e da UPG, de vocación comunista patriótica, en 1964.

Precisamente é cun dos principais actores dese proxecto político nacional na actualidade, Francisco Rodríguez, con quen conversa Xosé Mexuto, xefe do gabinete de prensa do BNG, no libro *A nación galega*

mén nos afectan, como a globalización.

Neste sentido, en tanto que Francisco Rodríguez é secretario xeral da UPG, membro do Consello Nacional do BNG e deputado galego, estas reflexións son fundamentais para coñecer o futuro do proxecto político que el representa; un proxecto que nos últimos tempos semella que se situou máis preto dos intereses das clases dominantes e esqueceu



os intereses reais do pobo galego, ese pobo que nos últimos anos está a ver como perde poder adquisitivo e que está necesitado de contratos laborais estables, de salarios dignos, dunha rede sanitaria pública de calidade, dun sistema de ensino público, laico e de calidade, de vivendas dignas..., necesidades das que o entrevistado é plenamente consciente cando di que “ás veces na política non se fai o que podería ser obxectivamente mellor, senón aquilo que no plano subxectivo conta con máis apoios e aparece menos problemático”.

*MEXUTO, Xosé, A nación galega existe, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2006, 459 páxinas*

## UN TEXTO DECISIVO PARA COÑECER A PERSPECTIVA DE TODO UN PROXECTO POLÍTICO

proxecto de construción nacional galego totalmente enfrontado ao proxecto nacional español.

Porén, á marxe dese proxecto nacional case sempre estivo ausente o pobo, malia que era no seu nome no que se estaba a construír a nación, que non tardou en participar en sindicatos e partidos obreiros, como o PSOE, a UXT e a CNT, entre outros moitos; de feito, non

ga existe: conversas con Francisco Rodríguez. Ao longo das páxinas deste libro, que en palabras do Mexuto é “dunha sinceridade asoballante” debido a que non se evita ningún asunto por espiñento que sexa, o entrevistado fala con claridade dos temas que máis lle preocupan: a nación, a lingua, o novo Estatuto para Galiza, a presenza do nacionalismo no Goberno... e, tamén, doutros asuntos non tan vinculados ao ámbito nacional galego pero que ta-